

Reto Fotográfico en colaboración coa II Mostra de Arte Contemporánea PASEARTE

InspirArte

Primera. Obxecto das bases.

A plataforma [InspirArte](#) organiza, en colaboración coa II Mostra de Arte Contemporánea Pasearte de Santiago de Compostela, o xogo-concurso “[InspirArte Reto Fotográfico](#)”. As presentes bases teñen coma obxecto regular a participación no citado xogo-concurso, a convocatoria e a concesión dos premios.

Segunda. Participantes.

Poderán participar neste xogo-concurso de forma gratuita e voluntaria todas aquelas persoas residentes en España, maiores de 18 anos, rexistradas previamente na rede social Instagram cun único usuario real e que sigan a [InspirArte](#). Deberán participar activamente no concurso segundo a mecánica disposta neste documento. Non podrán participar en dito concurso os organizadores de [InspirArte](#) nin da II Mostra de Arte Contemporánea Pasearte nin colaboradores directos ou indirectos que teñan intervido na promoción da mesma, así coma os seus familiares no primeiro grao.

[InspirArte Reto Fotográfico](#) non se fai responsable da veracidade dos datos facilitados polos participantes nin de non poder contactar cos participantes e/ou gañadores si os datos facilitados non son correctos ou teñen erros.

Terceira. Obxectivo do xogo-concurso.

O principal obxectivo do xogo-concurso é premiar a mellor fotografía inspirada nas obras seleccionadas da II Mostra de Arte Contemporánea Pasearte de Santiago de Compostela. Trátase de crear un diálogo entre os e as artistas, as súas obras e a cidadanía, de fomentar a creatividade a través da linguaxe fotográfica e de favorecer a arte coma actividade alegre, social e inspiradora.

Cuarta. Mecánica de participación.

Cada participante deberá presentar unha soa fotografía inspirada nunha das obras que se presentarán nun vídeo accesible dende a páxina web <https://retoinspirarte.jimdofree.com/> a partir do venres 14 de decembro de 2018 ás 12h00 ata o domingo 16 de decembro de 2018 ás 23h59, ambos inclusive. Os concursantes deberán presentar a súa fotografía no mesmo prazo de tempo (entre o venres 14 de decembro de 2018 ás 12h00 e o domingo 16 de decembro de 2018 ás 23h59).

A participación no xogo-concurso realízase a través da aplicación Instagram, á que tamén se poder acceder dende a páxina web <https://retoinspirarte.jimdofree.com/> e dende as páxinas oficiais de [InspirArte](#) nas redes sociais, seguindo os pasos que se detallan a continuación: Os seguidores en Instagram de [InspirArte](#) (@retoinspirarte) poderán participar no presente xogo-concurso a través de **Instagram**, colgando nesta rede social unha foto inspirada nunha obra da II Mostra, cos hashtags **#retoinspirarte #ClickArte e #FocusCompostela** e etiquetando a **@retoinspirarte** na foto. Non se permite que un usuario participe máis de unha vez. So se poderá participar una vez por conta de **Instagram**.

Quinta. Premios. Xurado. Criterios.

O concursante premiado recibirá:

- un vale de compra de 250€ para canxear nos establecementos de Santiago Centro, Área Comercial
- 1 ticket para participar en Clickarte
- 1 ticket para participar en Focus Compostela

O/a gañador/a será elixido/a por un xurado formado por membros da plataforma [InspirArte](#) e da organización da II Mostra de Arte Contemporánea. O xurado reunírase o día martes 18 de decembro. Tralo fallo do xurado, a organización publicará a fotografía gañadora así como o nome do seu autor na páxina web <https://retoinspirarte.jimdofree.com/> o martes 18 de decembro ás 12h30. Os criterios de avaliación será a calidade técnica e estética da foto, e a coherencia do diálogo establecida coa obra orixinal na que a foto se inspira.

O gañador deberá enviar escaneado o seu DNI/NIE para confirmar a súa identidade e facilitando o seus datos de contacto para xestionar o premio (nome, apelidos, dirección completa, provincia, código postal, teléfono, email), e ademáis indicando a aceptación do premio obtido, nun prazo máximo de 3 días dende a notificación de condición de gañador. Trascorrido ese prazo non se poderá reclamar o premio.



DO 14 AO 16 DE DECEMBRO
RETO FOTOGRAFICO
INSPIRARTE

descubre como participar lendo as bases completas do concurso
<https://retoinspirarte.jimdofree.com/>

No caso de non poder ponerse en contacto co gañador, de que éste non responda nun prazo de 72 horas dende a comunicación dos resultados, de confirmarse que os datos ofrecidos polo concursante non son veraces, ou trala renuncia expresa a ser galardoado, o premio pasará ao primeiro dos dez suplentes e, de darse o mesmo caso, ao segundo, e así sucesivamente. No caso de non recibir resposta de ningún premiado, nin suplente ou que éstos non cumplan os requisitos para ser premiados, o concurso poderá declararse deserto sen dereito a reclamar por parte de ningunha das persoas contactadas previamente. A xestión dos premios realizarase únicamente dentro do territorio español.

Sexta. Desvinculación de Instagram

Instagram non patrocina, avala nin administra de xeito algun este xogo-concurso, nin está asociado a el. O usuario se desvincula totalmente de Instagram, e é consciente de que proporciona a súa información a [InspirArte](#) e non a Instagram. A información que proporcione só se utilizará para tramitar a participación do concursante y para comunicarlle o premio en caso de que resultara gañador.

Octava. Aceptación das bases

A simple participación implica a aceptación destas bases na súa totalidade polo que a manifestación, neste sentido de non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia da mesma, quedará [InspirArte](#) liberada do cumprimento da obrigaón contraída con dito participante. Ao aceptar o premio, o gañador asume todos os gastos nos que incurra, salvo os que expresamente estén incluídos no xogo-concurso en cuestión, así coma a responsabilidade que se poida derivar da recollida e utilización de dito premio.

Novena. Dereitos da propiedade intelectual

[InspirArte](#) resérvase o dereito de usar os nomes e imaxes dos concursantes agraciados así coma de todos os participantes a efectos da súa utilización en fines publicitarios nos medios que estime oportunos e sen necesidade de notificación explícita.

Décima. Datos persoais

De conformidade coa Ley Orgánica de Protección de Datos de Carácter Personal y la Ley de Servicios de la Sociedad de la Información y de Comercio Electrónico, infórmase aos participantes de que os datos persoais que se faciliten serán incorporados a un fichero de datos de carácter persoal, propiedade da entidade organizadora. Ditos datos serán utilizados e tratados, ademais de coa finalidade de participar no concurso, para a investigación, promoción e comercialización dos servizos de [InspirArte](#) o que incluírá o envío de comunicacións por vía electrónica. Se o desexan, poden facer uso en calquera momento dos seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos escribindo ao responsable do tratamento ao enderezo de correo electrónico que se indica a continuación: retoinspirarte@gmail.com

A lei aplicable ao presente concurso é a lei española.